

AS CLASES DE PALABRAS: DEFINICIÓN E EXEMPLOS

SUBSTANTIVO

Designa seres e realidades físicas ou mentais: persoas, animais, obxectos, sentimentos, emocións...

Ex: Pedro, león, carpinteiro, rosa, beleza, temor, entrada, , ano, semana, vellez...

ADXECTIVO

Indica calidades, propiedades, estados ou outras características dos substantivos.

Ex: branco, rápido, alto, rico, muradán, temible, gracioso...

VERBO

Expresa accións ou estados.

Ex: comer, mirar, vir, ter, , ousar, nadar...

ADVERBIO

Palabra invariable (sen xénero nin número) que serve para designar circunstancias de lugar, tempo, modo, orde, cantidade, afirmación, negación, dúbida...

Ex: onte, lonxe, aquí, non, nunca, moi, si, seguramente.

Segundo a clase de palabra, serán de utilidade as seguintes **formulas de definición:**

- **Substantivos:** pódese iniciar a definición así: *persoa, animal, obxecto, sentimento, actitude, substancia, virtude, calidade, situación, habilidade...* Posteriormente, indícanse as súas características máis representativas: *utilidade, orixe, cor, forma, tamaño...*

Limón: froito do limoeiro, de forma ovoide, casca amarela e sabor agre.

Ditador: persoa que asume todos os poderes e non permite a oposición ao seu goberno.

Lealdade: calidade de leal.

Escaseza: situación de falta de algo.

- **Adxectivos:** fórmulas útiles para definir un adxectivo son, entre outras: *que + verbo do que deriva, dise de..., aplícase a..., pertencente ou relativo a..., que está..., que é...*

Enxeñoso: que ten enxeño ou habilidade

Basto: que está moi xunto ou apertado.

Tecnolóxico: pertencente ou relativo á tecnoloxía.

Sabido: que sabe ou entende moito.

- **Verbos:** unha maneira de definilos é empregar unha forma verbal sinónima e detallar algo máis o seu significado.

Mesturar: xuntar ou unir varias cousas distintas.

Caer: vir abaixo un corpo polo seu propio peso.

Fitar: mirar fixamente para algo ou alguén.

- **Adverbios:** pódese recorrer ás fórmulas: *en...*, *con...*, *de maneira...*

Fóra: no exterior do tempo ou do espazo.

Apaixonadamente: con paixón.

ACTIVIDADES

1.- A partir da definición descifra a palabra:

- Insecto voador que vive en colmeas e produce cera e mel
- Obxecto de cristal, vidro ou outro material, que serve para conter líquidos.
- Persoa ou animal que non pode ver.
- Amansar un animal
- Primeiro mes do ano.
- Lugar onde se compran medicamentos.
- Auga en estado sólido e cristalino por conxelación.
- Porción de terra rodeada de auga por todas partes.
- Terreo onde se cultivan plantas e árbores con fins ornamentais.
- Froita comestible de pel marrón e áspera, co interior verde e con pebidas negras diminutas.
- Líquido branco que segregan as mamas das femias dos mamíferos para alimento das súas crías.
- Especie de leito que forman as aves con herbas, palla, plumas ou outros materiais brandos, para poñer os seus ovos.
- Árbore de tronco grosso e torto cuxo froito é a oliva.
- Prenda para durmir, composta de pantalón e chaqueta ou sudadeira.
- Abrasar con lume.
- Asento con respaldo, con catro patas, no que só cabe unha persoa.
- Instrumento que serve para medir a temperatura.
- Cada un dos vasos ou conductos por onde circula o sangue.
- Automóbil con conductor que se aluga.
- Femia do cabalo.
- Instalación na que os animais están dentro de recintos ou xaulas, expostos ao público

AGORA DEFINE TI

Tixola.-

Culler.-

ventá.-

Saboroso.-

Fácil.-

Noite.-

Semana.-

Interesante.-

Comer.-

Beber.-

Durmiñón.-

Morno.-

Onte.-

Estrada.-

Mantel.-

Inexplicable.-

DEFINIR NOMES

1 Escribe a que clase pertencen estes nomes.

cascuda, mosquito, mosca, araña...:

tenis, botas, moccasíns, sandalias...:

loiro, castaño, moreno, roxo...:

bombón, caramelo, piruleta, rosca...:

2 Une as columnas e forma as definicións destas palabras.

Bolígrafo	moble	que serve para escribir con tinta
Cinto	instrumento	que suxeita o pantalón ao van.
Cadeira	accesorio	que posúe brazos e respaldo e serve para sentar

3 Clasifica estes nomes nun dos seguintes grupos. Despois, escribe a definición de un nome de cada grupo.

pomelo -desparafusador -uva -furgoneta -autobús -pera -serra-marmelo-laranxa-moto-martelo

froita:

ferramenta:.....

vehículo:

4 Completa as definicións co nome que indica qué é cada palabra.

recipiente -crustáceo -mamífero -sustancia

ballena: marino de co escura pola parte de arriba e branco por debaixo. Vive en todos os mares, sobre todo nos polares.

papeleira: para botar os papeis inútiles ou outros desperdicios.

perfume: que se emprega para cheirar ben.

gamba: menor que o langostino, que habita no mediterráneo e é comestible.

5 Indica a que palabra se refiren cada unha destas definicións.

Lugar de ensino a onde acoden nenos e adolescentes:

Vehículo automóbil de dúas rodas con un ou dous sillíns:

Ribeira do mar formada de area e superficie case chá:

Persoa natural de Arousa: